

XX Campionato
Galego Universitario

DEPRTES
COLECTIVOS

Campus de Pontevedra
Xoves 23 de febreiro 2017

INDICE

1.- Organización	3
2.- Acreditacións.....	3
3.- Horario Xeral	3
4.- Instalacións	3
5.- Comité de Competición.....	4
6.- Sistema de Enfrontamentos	4
7.- Participación e inscricións.....	4
8.- Accidentes e seguro escolar.....	5
9.- Regulamentos técnicos.....	5
10.- Regulamentos por modalidade:	
- Baloncesto	6
- Balonmán.....	7
- Fútbol Sala	8
- Fútbol 7 Feminino	9
- Fútbol 11.....	10
- Rugby 7.....	11
- Voleibol.....	12
11.- Calendario de cada modalidade.....	13 e 14

1. Organización.

O Servizo de Deportes da Universidade de Vigo organiza o **XVII Campionato Galego Universitario de Deportes Colectivos**. O campionato desenvolverase nas instalacións deportivas do Campus de Pontevedra, o xoves 23 de febreiro.

En cada instalación deportiva haberá persoal da Área de Benestar, Saúde e Deporte, que entregará os bonos de comedor aos delegados, e atenderá a suxestións das distintas universidades.

A **Coordinación Xeral** deste Campionato estará a cargo de Gustavo Loureiro, Responsable da Área de Benestar, Saúde e Deporte no Campus de Pontevedra, que atenderá calquera suxestión nos teléfonos, 986802088 e 647343393, así como no correo electrónico: depor-po@uvigo.es

2. Acreditacións.

Os participantes acreditaranse no terreo de xogo por pedimento dos árbitros con calquera dos seguintes documentos: **DNI, carné de conducir ou pasaporte**.

Os delegados dos equipos, poderán solicitar revisión de fichas antes de comezar o partido ou ben durante o primeiro descanso do mesmo.

3. Horario xeral.

Horario	Actividade
9:15 h.	Chegada das delegacións ao Campus de A Xunqueira
9:15-9:30 h.	Distribución dos equipos polas diferentes instalacións.
10:00 h.	Comezo da competición
12:30-15:30 h.	Xantar nos distintos comedores (xuntamos horarios)
18:00 h.	Entrega de Trofeos en cada instalación
18:30 h.	Saída das expedicións.

4. Instalacións.

Deporte	Instalación	Pavimento
Baloncesto	Pavillón Multiusos da Xunqueira	Parqué
Balónmán	Pavillón Municipal de Deportes	Parqué
Fútbol e Fútbol 7	Campos de Fútbol da Xunqueira	Herba artificial
Fútbol Sala	Pavillón Polideportivo Universitario	Parqué
Rugbi 7	Campo de Rugby de Monteporreiro	Herba artificial
Voleibol	Pavillón Multiusos da Xunqueira	Parqué

5. Comité de Competición.

Estará formado por un representante de cada unha das tres universidades participantes, quen dictará sentenza no caso de calquera incidencia non resolta polos equipos arbitrerais e o correspondente regulamento.

As universidades comunicarán á universidade organizadora, a persoa encargada de esta función.

6. Sistema de Enfrontamentos

O sistema de enfrontamentos, será xogando en primeiro partido entre as Universidades máis cercanas ao lugar de celebración do Campionato.

Polo tanto, os enfrontamentos para esta edición terán esta orde:

Partido	Equipo A	Equipo B
1º	Universidade de Vigo	Universidade de Santiago
2º	Universidade da Coruña	Perdedor do 1º partido
3º	Universidade da Coruña	Gañador do 1º partido

7. Participación e inscricións por Universidade

En principio a participación é total das 3 universidades pero, *si algunha universidade ten que avisar da baixa nalgunha modalidade, terá que facelo, como máximo, con 10 días de antelación (ata o 13 de febreiro).*

	UDC	USC	UVI
Baloncesto feminino	SI	SI	SI
Baloncesto masculino	SI	SI	SI
Balonmán feminino	SI	SI	SI
Balonmán masculino	SI	SI	SI
Fútbol Sala feminino	SI	SI	SI
Fútbol Sala masculino	SI	SI	SI
Fútbol 7 femenino	SI	SI	SI
Fútbol 11 masculino	SI	SI	SI
Rugbi 7 feminino	SI	SI	SI
Rugbi 7 masculino	SI	SI	SI
Voleibol feminino	SI	SI	SI
Voleibol masculino	SI	SI	SI

Para que a inscrición sexa válida, é necesario que o número de xogadores de cada equipo, non exceda do seguinte:

Modalidade	Máximo xogadores
Baloncesto, Fútbol 7, Fútbol Sala e Voleibol	12
Balonmán e Rugby	14
Fútbol 11	18

As universidades deberán enviar ás inscricións dos seus equipos por correo electrónico a depor-po@uvigo.es e responsabilizarse de aportar todos os datos da inscrición e facelo co debido rigor. A data tope de envío de inscricións é o 17 de febreiro.

8. Accidentes e seguro escolar.

No caso de calquera accidente no transcurso da competición, os accidentados deberán dirixirse ao seguinte Centro Hospitalario:

Complexo Hospitalario de Montecelo
Mourente s/n , Teléfono: 986800000

Os impresos relacionados coa tramitación do accidente na Seguridade Social serán facilitados pola Área de Benestar, Saúde e Deporte.

9. Regulamentos técnicos.

Para todos aqueles aspectos que non veñan reflectidos neste Regulamento, o Campionato Galego de Deportes Colectivos rexerese segundo os seguintes Regulamentos Técnicos:

Modalidade	Regulamento
Baloncesto	Federación Española de Baloncesto
Balonmán	Federación Española de Balonmán
Fútbol 7	Federación Internacional Fútbol (FIFA)
Fútbol 11	Federación Internacional Fútbol (FIFA)
Fútbol Sala	Federación Española de Fútbol
Rugby 7	Federación Española de Rugby
Voleibol	Federación Internacional de Voleibol (FIVB)

10. – Regulamentos por modalidade.

10.1 - Regulamento de BALONCESTO.

1. Os delegados deberá presentar as acreditacións e a folla coa relación de xogadores universitarios asinada polo Servizo-Área de deportes e co carimbo de cada Universidade **15 minutos antes** da hora prevista para o comezo do partido.
2. O equipo estará composto por un máximo de **12+2 compoñentes** (12 xogador@s, 1 adestrador e 1 delegad@).
3. Os partidos terán unha duración de **40 minutos**, divididos en 4 tempos de 10 minutos e un descanso de 2 minutos (entre o 1º e 2º tempo e entre o 3º e 4º) e de 5 minutos entre o 2º e 3º tempo. Os partidos serán a tempo corrido agás os derradeiros 2 minutos do último período.
4. Cada equipo poderá solicitar un máximo de 1 tempo morto por período.
5. Nos encontros, atribuiranse: 2 puntos por victoria e 1 punto pola derrota.
6. No caso de empate nalgún encontro realizaranse prórrogas de 5 minutos ata desfacelo empate. A prórroga será a tempo corrido agás os derradeiros 2 minutos.
7. No caso de triple empate na clasificación final seguirase a seguinte orde:
 - a) Mellor coeficiente entre puntos a favor e en contra.
 - b) O equipo máis anotador.
 - c) O equipo que menos puntos recibiu en contra.
 - d) Sorteo.
8. Un xogador@ expulsad@ con técnica descalificante será penalizad@ cun encontro de suspensión.

10.2.- Regulamento de BALONMÁN.

1. @s delegad@s deberán presentar as acreditacións e a folla coa relación de xogador@s universitari@s asinada polo Servizo-Área de deportes e co carimbo de cada Universidade 15 minutos antes da hora prevista para o comezo do partido.
2. O equipo estará composto por un máximo de 14+2 compoñentes (14 xogador@s, 1 adestrador e 1 delegad@).
3. Os partidos terán unha duración de **50 minutos** divididos en dous tempos de 25 minutos cada un a reloxo corrido e un descanso de 5 minutos. Os derradeiros 5 minutos do 2º tempo xogaranse a reloxo parado.
4. Cada equipo poderá solicitar un tempo morto en cada periodo de xogo de 1 minuto de duración.
5. Nos encontros, atribuiranse 3 puntos pola victoria, 1 punto por empate e 0 puntos pola derrota.
6. Cando remate o partido, e independentemente do resultado acadado, os/as xogador@s que estean en pista o remate do encontro lanzarán unha rolda de 5 penaltis (ou ata desfacer o empate) para evitar posibles empates na clasificación final.

No caso de que o 3º partido o disputen as universidades que gañaran os seus respectivos primeiros partidos e rematen o seu enfrontamento en empate, deberá de lanzarse unha solda de 5 penaltis, e as que fosen necesarios polo sistema de morte súpeta, ata acadar un gañador que o será do Campionato.

7. No caso de triple empate a puntos na clasificación final seguirase a seguinte orde:
 1. Mellor coeficiente de goles.
 2. O equipo máis anotador.
 3. O equipo con menos goles encaixados.
 4. Clasificación dos lanzamentos de penaltis (de persistir a igualdade: mellor coeficiente, máis anotador e menos goleado nos penalties)
 5. Sorteio.
8. Un xogador@ expulsad@, será penalizad@ cun encontro de suspensión.

10.3.- Regulamento de FÚTBOL SALA.

1. @s delegad@s deberá presentar as acreditacións e a folla coa relación de xogador@s universitari@s asinada polo Servizo-Area de Deportes e co carimbo de cada Universidade 15 minutos antes da hora prevista para o comezo do partido.
2. O equipo estará composto por un máximo de 12+2 compoñentes (12 xogador@s, 1 adestrador e 1 delegad@).
3. Os partidos terán unha duración de **50 minutos**, divididos en 2 tempos de 25 minutos a reloxo corrido cada un e un descanso de 5 minutos. Os derradeiros 2 minutos do 2º tempo serán a reloxo parado.
4. Cada equipo poderá solicitar un tempo morto en cada periodo de xogo de 1 minuto de duración.
5. Nos encontros, atribuiranse 3 puntos pola victoria, 1 punto por empate e 0 puntos pola derrota.
6. Cando remate o partido, e independentemente do resultado acadado, os/as xogador@s que estean en pista ao remate do encontro lanzarán unha rolda de 3 penaltis (ou ata desfacer o empate) para evitar posibles empates na clasificación final.

No caso de que o 3º partido o disputen as universidades que gañaran os seus respectivos primeiros partidos e rematen o seu enfrontamento en empate, deberá de lanzarse unha rolda de 5 penaltis, e os que fosen necesarios polo sistema de morte súpeta, ata acadar un gañador que o será do Campionato.

7. No caso de triple empate a puntos na clasificación final seguirase a seguinte orde:
 1. Mellor coeficiente de goles.
 2. O equipo máis anotador.
 3. O equipo con menos goles encaixados.
 4. Clasificación logo dos lanzamentos de penaltis (de persistir a igualdade: mellor coeficiente, máis anotados e menos goleado nos penaltis).
 5. Sorteio.
8. Un xogador@ expulsad@, será penalizad@ cun encontro de suspensión.

10.4.- Regulamento de FÚTBOL 7 (Feminino)

1. @s delegad@s deberá presentar as acreditacións e a folla coa relación de xogadoras universitarias asinada polo Servizo-Area de Deportes e co carimbo de cada Universidade 15 minutos antes da hora prevista para o comezo do partido.
2. O equipo estará composto por un máximo de 12 + 2 compoñentes (12 xogadoras, 1 adestrador e 1 delegad@).
3. Os partidos terán unha duración de **50 minutos**, divididos en 2 tempos de 25 minutos e un descanso de 5 minutos.
4. Nos encontros, atribuiranse: 3 puntos por victoria, 1 punto polo empate e 0 punto pola derrota.
5. Os cambios serán libres, previa autorización do árbitro.
6. Nos encontros, atribuiranse 3 puntos pola victoria, 1 punto por empate e 0 puntos pola derrota.
7. Cando remate o partido, e independentemente do resultado acadado, os xogadores que rematen o partido en campo lanzarán unha rolda de 5 penaltis (ou ata desfacer o empate) para evitar posibles empates na clasificación final.

No caso de que o 3º partido o disputen as universidades que gañaran os seus respectivos primeiros partidos e rematen o seu enfrontamento en empate, deberá de lanzarse unha rolda de 5 penaltis, e os que fosen necesarios polo sistema de morte súpeta, ata acadar un gañador que o será do Campionato.

8. No caso de triple empate a puntos na clasificación final seguirase a seguinte orde:
 1. Mellor coeficiente de goles.
 2. O equipo máis anotador.
 3. O equipo con menos goles encaixados.
 4. Clasificación logo dos lanzamentos de penaltis (de persistir a igualdade: mellor coeficiente, máis anotados e menos goleado nos penaltis).
 5. Sorteio.
9. Unha xogadora expulsada, será penalizada cun encontro de suspensión.

10.5.- Regulamento de FÚTBOL 11.

1. @s delegad@s deberá presentar as acreditacións e a folla coa relación de xogadores universitarios asinada polo Servizo-Area de Deportes e co carimbo de cada Universidade 15 minutos antes da hora de comezo do partido.
2. O equipo estará composto por un máximo de 18+2 compoñentes (18 xogadores, 1 adestrador e 1 delegad@).
3. Os partidos terán unha duración de 70 minutos, divididos en 2 tempos de 35 minutos e un descanso de 5 minutos.
4. Cada equipo disporá de un máximo de 5 cambios ao longo do partido; non se poderán facer cambios nos derradeiros 5 minutos do 2º tempo.
5. Nos encontros, atribuiranse 3 puntos pola victoria, 1 punto por empate e 0 puntos pola derrota.
6. Cando remate o partido, e independentemente do resultado acadado, os xogadores que rematen o partido en campo lanzarán unha rolda de 5 penaltis (ou ata desfacer o empate) para evitar posibles empates na clasificación final.

No caso de que o 3º partido o disputen as universidades que gañaran os seus respectivos primeiros partidos e rematen o seu enfrontamento en empate, deberá de lanzarse unha rolda de 5 penaltis, e os que fosen necesarios polo sistema de morte súpeta, ata acadar un gañador que o será do Campionato.

7. No caso de triple empate a puntos na clasificación final seguirase a seguinte orde:
 1. Mellor coeficiente de goles.
 2. O equipo máis anotador.
 3. O equipo con menos goles encaixados.
 4. Clasificación logo dos lanzamentos de penaltis (de persistir a igualdade: mellor coeficiente, máis anotados e menos goleado nos penaltis).
 5. Sorteio.
8. Un xogador expulsado con cartón vermello será sancionado cun encontro.

10.6.- Regulamento de RUGBI 7

1. @ delegad@ deberá presentar as acreditacións e a folla coa relación de xogador@s universitari@s asinada polo Servizo-Área de Deportes e co carimbo de cada Universidade 15 minutos antes da hora prevista para o comezo do partido.
2. O equipo estará composto por un máximo de 14+2 compoñentes (14 xogador@s, 1 adestrador e 1 delegad@).
3. Os partidos terán unha duración de **20 minutos**, divididos en 2 tempos de 10 minutos. Entre os dous tempos haberá un descanso de 5 minutos.
4. En todos os encontros haberá un gañador, polo que no caso de empate ao final do partido, xogaranse períodos de 5 minutos e, neste tempo extra, o equipo que primeiro consiga puntos, será o gañador e finalizará o partido.
5. Un equipo pode cambiar ou substituír ata 5 xogadores, pero non poderán volver a entrar salvo para substituír a un xogador que estea a sangrar ou cunha ferida aberta.
6. @ xogador expulsad@, terá unha penalización de 1 encontro de suspensión.
7. Nos encontros, atribuiranse: 2 puntos por victoria e 0 pola derrota.
8. No caso de triple empate na clasificación final seguirase a seguinte orde:
 1. Mellor coeficiente de anotacións.
 2. O equipo máis anotador.
 3. O equipo con menor número de anotacións encaixadas.
 4. Sorteio.
9. Os partidos xogaránse en campo de herba sintética, polo que será obrigatorio xogar co calzado axeitado.

10.7.- Regulamento de VOLEIBOL

1. @s delegad@s deberá presentar as acreditacións e a folla coa relación de xogador@s universitari@s asinada polo Servizo-Área de Deportes e co carimbo de cada Universidade 15 minutos antes da hora prevista para o comezo do partido.
2. O equipo estará composto por un máximo de 12+2 compoñentes (12 xogador@s, 1 adestrador e 1 delegad@).
3. Os partidos serán ó mellor de 3 sets de 25 puntos, coa normativa actual (cada xogada puntúa), iso se, nos dous primeiros sets, o primeiro equipo que chegue a 25 puntos con vantaxe de dous, gañará o set, ata un máximo de 27 puntos.
4. Para gañar o terceiro set, será necesario chegar a 25 puntos e ter unha vantaxe de dous puntos, se isto non ocorre, teranse que conseguir os dous puntos de vantaxe sen límite de puntuación.
5. Cada equipo poderá solicitar un tempo morto en cada set de 1 minuto de duración.
6. Nos encontros atribuiranse 3 puntos por vitoria e 1 punto pola derrota.
7. No caso de triple empate na clasificación final seguirase a seguinte orde:
 1. Mellor coeficiente de sets.
 2. Mellor coeficiente de puntos.
 3. O equipo máis anotador.
 4. O equipo con menos puntos encaixados.
 5. Sorteio.
8. Un xogador@ expulsad@, será penalizada cun encontro de suspensión.

11.- Horarios de competición:

11.1 - Calendario de BALONCESTO.

Modalidade	Hora	Partido	Lugar
Masculina	10:00	USC- UVI	Pavillón Multiusos da Xunqueira
Masculina	12:00	UDC- Perdedor 1º Partido	Pavillón Multiusos da Xunqueira
Masculina	16:00	UDC- Gañador 1º Partido	Pavillón Multiusos da Xunqueira
Modalidade	Hora	Partido	Lugar
Feminina	11:00	USC- UVI	Pavillón Multiusos da Xunqueira
Feminina	13:00	UDC- Perdedor 1º Partido	Pavillón Multiusos da Xunqueira
Feminina	17:00	UDC- Gañador 1º Partido	Pavillón Multiusos da Xunqueira

11.2 - Calendario de BALONMÁN.

Modalidade	Hora	Partido	Lugar
Masculina	11:00	USC- UVI	Pavillón Municipal
Masculina	13:00	UDC- Perdedor 1º Partido	Pavillón Municipal
Masculina	17:00	UDC- Gañador 1º Partido	Pavillón Municipal
Modalidade	Hora	Partido	Lugar
Feminina	10:00	USC- UVI	Pavillón Municipal
Feminina	12:00	UDC- Perdedor 1ª Partido	Pavillón Municipal
Feminina	16:00	UDC- Gañador 1º Partido	Pavillón Municipal

11.3 – Calendario de FÚTBOL SALA.

Modalidade	Hora	Partido	Lugar
Masculina	10:00	USC- UVI	Pavillón Universitario
Masculina	12:00	UDC- Perdedor 1º Partido	Pavillón Universitario
Masculina	16:00	UDC- Gañador 1º Partido	Pavillón Universitario
Modalidade	Hora	Partido	Lugar
Feminina	11:00	USC- UVI	Pavillón Universitario
Feminina	13:00	UDC- Perdedor 1º Partido	Pavillón Universitario
Feminina	17:00	UDC- Gañador 1º Partido	Pavillón Universitario

11.4 – Calendario de FÚTBOL 7.

Modalidade	Hora	Partido
10:00	USC- UVI	Campo Herba Artificial A Xunqueira
11:15	UDC- Perdedor 1º Partido	Campo Herba Artificial A Xunqueira
12:30	UDC- Gañador 1º Partido	Campo Herba Artificial A Xunqueira

11.5 – Calendario de FÚTBOL 11.

Modalidade	Hora	Partido
10:00	USC- UVI	Campo Herba Artificial A Xunqueira (1)
11:30	UDC- Perdedor 1º Partido	Campo Herba Artificial A Xunqueira (1)
13:00	UDC- Gañador 1º Partido	Campo Herba Artificial A Xunqueira (1)

11.6 – Calendario de RUGBI.

Modalidade	Hora	Partido	Lugar
Masculina	10:40	USC- UVI	Campo Rugby Monteporreiro
Masculina	12:00	UDC- Perdedor 1º Partido	Campo Rugby Monteporreiro
Masculina	13:20	UDC- Gañador 1º Partido	Campo Rugby Monteporreiro
Modalidade	Hora	Partido	Lugar
Feminina	10:00	USC- UVI	Campo Rugby Monteporreiro
Feminina	11:20	UDC- Perdedor 1º Partido	Campo Rugby Monteporreiro
Feminina	12:40	UDC- Gañador 1º Partido	Campo Rugby Monteporreiro

11.7 – Calendario de VOLEIBOL.

Modalidade	Hora	Partido	Lugar
Masculina	10:30	USC- UVI	Pavillón Multiusos
Masculina	12:00	UDC- Perdedor 1º Partido	Pavillón Multiusos
Masculina	16:00	UDC- Gañador 1º Partido	Pavillón Multiusos
Modalidade	Hora	Partido	Lugar
Feminina	10:30	USC- UVI	Pavillón Multiusos
Feminina	12:00	UDC- Perdedor 1º Partido	Pavillón Multiusos
Feminina	16:00	UDC- Gañador 1º Partido	Pavillón Multiusos